

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade,
Contratación, Festas
e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

RESOLUCIÓN DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE

Tendo sido recibida en data 05/07/2024 comunicación electrónica procedente da Superior Dirección Orzamentaria e Contable para a cuantificación de custes de persoal a efectos da elaboración dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2025, pola presente e ao abeiro das competencias que en materia de recursos humanos ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostento por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesm data; e nos termos do establecido no artigo 165 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, dispoño:

“PRIMEIRO.- Ordenar a incoación de expediente administrativo tendente á elaboración, no contexto do marco normativo vixente, do **anteproxecto de Capítulo I de gastos en materia de persoal para o ano 2025**, dispoñendo a tramitación que resulte procedente conforme á normativa vixente.

SEGUNDO.- Determinar que o expediente deberá estar informado e negociado en tempo e forma, **debendo ser remitido unha vez concluído ao responsable da unidade encargada da Superior Dirección orzamentaria e contable con data límite o vindeiro 15 DE SETEMBRO DO 2024.**”

TERCEIRO.- Designar como Instrutor do expediente ao funcionario municipal D. Marcos Viturro Gómez, Técnico de Admón. Xeral, adscrito á Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos da realización das actuacións procedentes consonte ao disposto no art. 169.1, letra a) do RD lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo (posto tipo Técnico/a de Administración Xeral), dispoñendo a colaboración do equipo seguinte:

- Técnica de Relacións Laborais,
- Persoal administrativo,
- Persoal do servizo de Administración Electrónica,

Nos termos da instrución interna de asignación de concretas tarefas na elaboración do anteproxecto e anexos, que se determine pola xefatura da Área, coa estricta finalidade da súa execución en prazo.”

Vigo, data de sinatura electrónica

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023).-
María Olga Alonso Suárez

Dou fe,
A Secretaria de Goberno Local.-Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/07/2024 14:04	Páxina 1 de 2
44929-220	CSV: AAA456-2CACAD-4H258B-KSGK42-UC16ZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLO
DE VIGO

Área de Goberno de
Seguridade,
Contratación, Festas
e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/07/2024 14:04	Páxina 2 de 2
44929-220	CSV: AAA456-2CACAD-4H258B-KSGK42-UC16ZL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		